



# @migus lanza mercanaspontes.com

**¿Qué é @migus?** A Asociación Informática Amigus foi fundada no ano 2002 por un grupo de veciños das Pontes, con gustos en común, no uso de novas tecnoloxías, Informática e Internet. Tra-la creación no ano 1996 do canal de irc #aspontes, veciños das Pontes, comezaron a contemplar o forte auxe das novas tecnoloxías e como as novas xeracións empregaban estes novos medios de comunicación para poñerse en contacto cos seus amigos. Non só é e era frecuentado por veciños das Pontes, senon tamén por antigos veciños que por motivos persoais ou de estudos seguen botando de menos a nosa cidade. A raíz deste efecto, un grupo destes internautas comezou a ve-la necesidade de fomentar non só xuntanzas on-line, senon crear un punto de unión en Internet no que os veciños tivesen un punto de referencia. A finais de 1998 creouse a primeira versión de [www.as-pontes.com](http://www.as-pontes.com), un lugar onde fomentar a nosa cidade e ter recursos útiles para os nosos veciños, amigos e visitantes.

A traveso desta iniciativa, e escoitando as peticións de moitos deste grupo de usuarios, comezouse a sentir palpable unha necesidade, de empezar a facer xuntanzas onde uns e outros compartisen as súas experiencias e nos axudásemos coa evolución destas novas tecnoloxías. No nadal do ano 2002, atrevímonos a realicar a primeira Party Amigus, unha xuntanza de usuarios, no Colexio da Fraga, onde cada un, co seu equipo informático, deixaba de estar na soidade do seu cuarto, para compartir cos demais coñecementos.

O 24 de Xullo de 2003, crease o que é a nova web de Amigus (<http://www.amigus.org>) un novo portal, con información actual de novos produtos, así como novas locais, promoción de artistas locais, festas, feiras e demais actividades que se celebran nas Pontes. Pouco a pouco se foi engadindo máis contido á web, como é o caso do Rueiro, unha forma de coñecer As Pontes, as súas rúas, os seus lugares de interese, así como a posibilidade de realizar unha visita virtual á nosa cidade. Ata a data, a web recibiu máis de 346.000 visitas, dispón de máis de 4.500 novas repartidas en 38 categorías. Un álbum fotográfico das Pontes de máis de 5.000 imaxes destacando as das Festas de Fraga, unha das seccións máis visitadas da web. Ademais como forma de promoción local, os apartados Sons da Vila e Deporte Pontés, son un punto referente de promoción dos grupos locais.

Todo elo, realizado de forma desinteresada por veciños das Pontes, fan que sexa unha das web con máis visitas da comarca. Ademais de todo elo, Amigus, organizou gran cantidade de obradoiros e cursos para os seus socios que se desenvolveron dentro das Parties ou ben en datas puntuais ó longo da súa andaina. Tras estas experiencias, e grazas ó apoio de veciños e outras asociacións locais, Amigus desenvolveu, o que

será o novo centro dirixido a comercios locais en Internet, mercanaspontes.com.

**¿Qué é mercanaspontes.com?** Un lugar onde os comercios locais poderán expoñer e vender os seus produtos ós millóns de clientes potenciais que ten Internet. Un lugar onde os veciños ponteses poderán consultar dun xeito cómodo e rápido o que o comercio local lles ofrece.

**¿Por qué mercanaspontes.com?** Porque nos movemos nun mercado cada día máis competitivo e neste contexto é cada vez máis imprescindible dar a coñecer os nosos produtos e características diferenciadoras. Internet preséntasenos como unha gran oportunidade de chegar a un maior número de clientes polas vantaxes que conleva con respecto a outros medios.

Internet é unha nova tecnoloxía e a súa presenza na mesma se interpretará como que a súa empresa e os seus produtos están máis en sintonía coa época na que vivimos.

**Vantaxes de mercanaspontes.com**

- A súa publicidade non se limita a unha zona ou comarca.
- A Información está dispoñible as 24 horas dos 365 días do ano.
- Con poucos coñecementos informáticos, poderás actualizar varias veces ó día a túa carteira de produtos. Ningún outro medio pode ofrecerche esa flexibilidade.
- Internet aportaralle valor engadido ó servizo que ofreces ós teus clientes.
- Con cada unha das diversas foto-

grafías dos produtos e a descripción dos mesmos, axudarás a decidirse ó comprador.

- Proporciona ó futuro cliente o medio de atopa-lo produto que busca de acordo cos seus requisitos (calidade, precio, servicios postventa, etc.).
  - Resulta comparativamente moito máis barato que outros medios de comunicación.
  - É un medio de comunicación de dúas vías que permite ó interesado manter unha comunicación bilateral co vendedor, antes e despois da venda.
- Obxectivos de @migus á hora de crear mercanaspontes.com**
- Implicar ó comercio local no uso das novas tecnoloxías
  - Facilitar outros métodos de publicidade
  - Proporcionar unha nova vía de venta de produtos locais

**¿Qué información aparecerá do meu comercio en mercanaspontes.com?**

Unha vez dado de alta un novo comercio en mercanaspontes, este comercio mediante un xestor de contidos, terá a posibilidade dunha descripción do seu comercio, un logotipo, ata 5 imaxes do comercio, e un número ilimitado de enderezos das súas tendas. Cada unha destas tendas terá o seu enderezo, email, páxina web e localización dentro do casco urbano das Pontes, a traveso dun rueiro. Este rueiro ademais de amosar no mapa a localización do comercio, inclúe puntos de interese do concello e 64 visitas virtuais dos puntos máis representativos da cidade.

**¿Cántos e qué información aparecerá dos meus produtos?**

A traveso do xestor, o comercio pode engadir un número ilimitado de produtos. En ningún caso é obrigatorio que o comercio teña que ter todo o seu anano de produtos na web (pode ser unha selección das ofertas máis interesantes que teña nese momento, os novos produtos que teña no comercio, ou unha selección dos produtos máis destacados), non obstante como xa dixemos, a cantidade de produtos que pode ter na web é completamente ilimitado. Para cada produto, a información que aparece na web é: nome do produto, referencia do produto, descripción do produto, categoría/s á que pertence, atributo (tallas dispoñibles, cores, acabados...), un máximo de 5 fotos por produto (aínda que se recomenda, polo menos insertar unha foto, non é preciso te-las 5 fotos do produto, simplemente damos esta posibilidade por se quere amosar algún detalle máis do produto), prezo, prezo de oferta e se é un produto destacado.

Cada visitante á web poderá navegar polos produtos a traveso de categorías ou ben, directamente por cada comercio. Se desexa facer un pedido, reserva ou consulta, o cliente terá a opción de engadir o produto a un carro da compra e seguir navegando pola web. Cando decida finaliza-la compra, o cliente a traveso dun formulario, enviará un pedido ós comercios, onde cada comercio lle informará das condicións de envío, ou cómo facer para recollelo na propia tenda.

**¿Cándo comenza mercanaspontes.com?** Inauguraremos o novo centro comercial o 21 de novembro de 2005.

**¿Como pode estar o meu comercio en mercanaspontes.com?**

O custe anual de mercanaspontes por comercio será de 200 euros máis IVE. Isto inclúe un curso de formación de 4 horas onde se explicará o

funcionamento do xestor de produtos de mercanaspontes, así como un soporte técnico online durante todo un ano, para calquera consulta ou axyda que precise o comercio. Se queres que os teus produtos estean en mercanaspontes.com o día da inauguración, rexístrate antes do 10 de novembro, na web da Asociación Informática @migus en <http://www.amigus.org> ou enviando un email a [amigus@as-pontes.com](mailto:amigus@as-pontes.com). Non obstante, a partires desa data, poderás solicitar a incorporación a mercanaspontes en calquera momento. A Asociación Informática @migus, encargarse de promociona-la web en Internet, dala de alta en buscadores, aparecer nas páxinas máis importantes de Internet e dar a coñece-la web e os seus comercios a traveso de distintos medios de comunicación.

**Estudio de hábitos de consumo e compra.**

Durante o desenvolvemento desta idea, @migus ademais da creación de mercanaspontes.com está desenvolvendo un estudio de hábitos de consumo dos ponteses. Dito estudio, dirixido por Eva Mª Pena López, Lic. en CC. Políticas e da Admón. ten como obxectivos:

- Creación de perfiles de clientes habituais e esporádicos do comercio pontés.
- Crear un perfil de clientes potenciais da tienda on-line.
- Desmenuza-los hábitos de compra dos ponteses: por qué compran no comercio local ou nos centros comerciais, e con qué frecuencia,...
- Esclarecer cal é a imaxe que os veciños das Pontes teñen do pequeno comercio local.
- Qué produtos poden funcionar mellor na tenda virtual.
- E calqueroutra cuestión que se derive do estudio.



The screenshot displays the user interface of the mercanaspontes.com website. At the top, there is a search bar with fields for 'usuario' and 'contraseña', and buttons for 'entrar' and 'nuevo usuario'. Below the search bar, the website logo and navigation links like 'categorías', 'novedades', and 'ideas para regalar' are visible. A 'Bienvenido' message is shown with a user's name. The main content area features a 'buscar productos' section with a search box and a 'listado de comercios' dropdown. To the left, there is a 'categorías' sidebar with a tree view including 'Alimentación', 'Ocio y Cultura', 'Informática y Electrónica', 'Hogar', 'Viajes', and 'Regalos'. The central part of the page shows a grid of product listings under the heading 'ocio y cultura > deportes'. Each listing includes an image, a product name, and a price. On the right side, there is a 'destacamos...' section featuring a featured product 'Mantequería González' and a 'noticias' section with the headline 'Duis autem vel Solor in hendrerit in vulput velit esse molestie consequat'. The footer shows 'pág. 1 de 4' and '1 de 5'.